



O libro de Xosé Neira Vilas cobra nova vida sobre os escenarios da man de Os Quinquilláns

# O Espantallo Amigo de Xosé Neira Vilas chega a As Neves

***Os nenos e as nenas das Neves gozarán co proxecto teatral e literario de Os Quinquilláns e Editorial Galaxia, o vindeiro día 2 de marzo no Auditorio Municipal. Tamén durante esta semana se celebra o día de Rosalía e comezo o Inverno de Cinema.***

O proxecto teatral e literario ideado por Os Quinquilláns e Editorial Galaxia a partir do [Espantallo Amigo](#) de [Xosé Neira Vilas](#) chegará ao Auditorio Municipal das Neves o mércores 2 de marzo ás 11h30. Os nenos e nenas do Ceip Marquesa do Pazo da Mercé, do IES Pazo da Mercé e do Ceip Carlos Casares de Alxén achegaránse a este clásico da literatura infantil galega que xa viaxou polos teatros de medio mundo e que aterra agora de novo nos escenarios galegos, acompañada dunha edición especial do libro que lle dá orixe.

A historia de xenerosidade ideada por Xosé Neira Vilas está contada, na versión teatral de Lucho Penabade e Tero Rodríguez, polos nenos que no seu día conseguiron superar a miseria grazas á xenerosidade do espantallo amigo e que, xa convertidos en home e muller, queren facer unha montaxe teatral que explique o sucedido. Acompaña a representación teatral unha versión impresa ilustrada por Xaquín Marín que o público leva consigo, para continuar os momentos de risa e reflexión vividos no patio de butacas coa lectura demorada na casa.

O proxecto ofrece un traballo transversal que lles permite aos espectadores-lectores comprender as relacións entre as distintas linguaxes artísticas e que colleitou un grande interese entre o profesorado galego.

---

## Concello das Neves

Praza da Cristiandade, 1 As Neves. 36440 Pontevedra  
Tfno. 986 648 038. Fax. 986 648 052. Email: [asneves@fegamp.gal](mailto:asneves@fegamp.gal)



O Concello das Neves continúa cun intenso traballo cultural. Está semana estase a celebrar o día de Rosalía de Castro con exposicións da súa obra polas rúas, os edificios públicos e tamén coa proxección dunha curtametraxe.

Ademáis, o venres 26 de febreiro da comezo o ciclo "Inverno de Cinema" coa proxección de catro filmes durante as próximas semanas.

---

**Concello das Neves**

Praza da Cristiandade, 1 As Neves. 36440 Pontevedra  
Tfno. 986 648 038. Fax. 986 648 052. Email: [asneves@fegamp.gal](mailto:asneves@fegamp.gal)